

**CIRCULAR DO DIRECTOR DO
GRUPO DE TRABALLO DE HISTORIA DA FILOSOFÍA
2017/2018**

Estimados/as colegas:

Rematadas as ABAU (na nova terminoloxía: Proba de Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade) e iniciado xa o novo curso académico, convén aclarar os criterios vixentes para as convocatorias de xuño e setembro de 2017, no que atangue á Historia da Filosofía.

Manterase sen modificación ningunha a estrutura da proba vixente no pasado curso, 2016/2017. Lémbrovos dun xeito abreviado o deseño da mesma:

- 1. Un estándar de aprendizaxe dun dos tres bloques históricos (filosofía antiga e medieval, moderna e contemporánea) acompañado dun fragmento ilustrativo do mesmo.** A resposta consistirá en comentar o fragmento e, a partir do devandito comentario, desenvolver o estándar. Cualificación máxima.- 6 ptos. (60 % da proba)

- 2. Un estándar de aprendizaxe dun dos dous bloques históricos restantes.** A resposta consistirá no desenvolvemento do estándar. Cualificación máxima.- 3 ptos. (30 % da proba)

- 3. Catro breves preguntas semiabertas referidas ao terceiro bloque histórico.** Propoñeranse dous conceptos para identificar ao filósofo relacionado con cada un deles; tamén se pedirá o título de dúas obras. Cualificación máxima.- 1 pto. (10 % da proba)

Na Web da CIUG (<http://ciug.gal/>) figuran a estrutura da proba, os criterios de avaliación, a distribución en dúas opcións (A e B) dos estándares de aprendizaxe e a selección de textos dos que será extraído o fragmento do primeiro apartado do exame.

Unha única variación para o presente curso: SUPRÍMESE o Texto número 5 de Aristóteles. O motivo é que varios docentes fixeron chegar ó Grupo de Traballo a consideración de que era un fragmento demasiado complicado para alumnado de 2º de Bacharelato. O Grupo de Traballo tomou en consideración a suxestión e optou por suprimilo sen máis.

Cos mellores desexos para o curso que ven de comezar, recibide un cordial saúdo.

A Coruña, 4 de outubro de 2017



Asdo - Juan Alberto Sucasas Peón
DIRECTOR DO GRUPO DE TRABALLO
DE HISTORIA DA FILOSOFÍA
alberto.sucasas@udc.es